



“A VIOLENCIA NON É AMOR”

Desde o Servizo de Cultura, Turismo e Mocidade en colaboración co Servizo de Igualdade e Benestar Social pon en marcha o I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO **“A VIOLENCIA NON É AMOR”**

1. OBXECTIVO

O obxectivo é concienciar e sensibilizar contra a violencia de xénero, a través da implicación directa da sociedade. Na fotografía débese dar unha visión sobre a violencia de xénero a través da denuncia, concienciación ou información sobre causas, modos de atallalas, medios para a denuncia ou recursos de asistencia ás vítimas, así como favorecer a promoción da igualdade, a convivencia e o respecto entre as persoas.

2. PARTICIPANTES

Poderá participar calquera persoa maior de idade empadroada no concello do Pereiro de Aguiar.

3. TEMA

O tema e título do concurso é “A VIOLENCIA NON É AMOR”. As fotografías enviadas deberán estar relacionadas coa educación para á igualdade, a convivencia positiva entre sexos ademais de todo o exposto como obxectivo do concurso.

Non se aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas.

4. OBRAS

Cada participante poderá enviar ata un máximo de tres obras.

As obras presentaranse en formato físico e en formato dixital coas seguintes condicións:

- Fotografía en soporte papel: dimensións de 20 x 30 cm
- Fotografía en soporte dixital: soamente se aceptarán imaxes en formato JPG cun tamaño mínimo de 1.024 x 1.024 píxeles, o peso do arquivo non debe pasar dun máximo de 5 Mb e coa polo menos 200 p.p.p de resolución.

As fotografías deberán ser orixinais e non premiadas noutros concursos, e admitirase o uso de calquera técnica, montaxes, retoques, ...

Si nas obras figurase a imaxe dalgunha persoa, xuntarase tamén autorización firmada da mesma e fotocopia do seu DI, manifestando a súa conformidade de participación nesta convocatoria, sendo responsabilidade do autor/a o incumprimento ou falseamento deste requisito.



“A VIOLENCIA NON É AMOR”

5. IDENTIFICACIÓN E ENVIO

A entrega dixital será mediante soporte CD e as de formato físico en soporte papel, no dorso da fotografía e do CD figurará o pseudónimo do autor.

As obras remitiranse por correo certificado ou en man nun sobre cerrado coa única indicación **I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO “A VIOLENCIA NON É AMOR” Biblioteca Municipal O Pereiro de Aguiar, 32710 Ourense.**

Dentro do sobre irá, ademais do CD e da fotografía, outro sobre pechado, no que figure o pseudónimo do autor/a e dentro conteña os datos do participante: nome e apelidos, idade, DI, dirección de correo electrónico e teléfono de contacto.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das obras remata o 21 de novembro as 14.30h.

7. XURADO

O xurado estará formado pola concelleira do Servizo de Cultura, Turismo e Mocidade e pola concelleira do Servizo de Igualdade e Benestar Social do Concello do Pereiro de Aguiar, ademais de contar coa presenza de fotógrafos profesionais. Os criterios de avaliación do xurado serán a orixinalidade, a creatividade a hora de transmitir os valores propostos polo concurso. O fallo emitido polo xurado será definitivo e inapelable.

8. PREMIOS

O fallo do xurado terá lugar o 22 de novembro ás 14.00h e determinará á fotografía gañadora. Concederáse un único premio valorado en 150€ , e se así o considera o xurado o premio poderá quedar deserto por falta de calidade ou pouca relación co tema.

As tres obras mais votadas ou valoradas estarán expostas no concello durante todo o mes de decembro e, xunto estas tres exporase a mais votada polo público vía facebook.

9. DEVOLUCIÓN DAS OBRAS

Todas as obras presentadas poderán recollerse na Biblioteca Municipal a partir do mes de decembro.

10. CONSIDERACIÓNS XERAIS

A participación na convocatoria significa a plena aceptación das súas bases. Os requisitos expostos que regulan a participación no presente concurso deberán respectarse, o contrario suporá a non admisión do ou da participante no mesmo.